

Branca de Neve

Érase unha vez unha rapaza chamada Branca de Neve, orfa de pai. Vivía no castelo dun pequeno reino coa súa nai; dende que morrera o seu pai, a súa nai empezou a estar nunha burbulla onde habitaba ela soa, nin respondía ao que o pobo necesitaba, e tampouco facía de nai da súa propia filla.

Branca nunca se sentira identificada naquel castelo, afastado de todos os nenos da súa idade, ela sentíase unha rapaza totalmente diferente ao resto do mundo. De vez en cando ía ao mercado con Luísa, unha empelada do castelo que sempre estivo moi pendente de Branca; facían a compra xuntas e regresaban para a casa.

Pasaron os anos; Branca cumpriu a súa maioría de idade e o seu sono era fuxir daquel inferno e acceder a universidade para estudar a carreira de psicoloxía. Todo eran dificultades naquela mansión; non tiña nada para poder alcanzar o seu soño. Despois de darlle moitas voltas a cabeza, pensou que a mellor solución para escapar daquel pesadelo era saír daquelas paredes que a retiveron durante tantos anos. Ao día seguinte colleu as súas pertenzas e marchou; fuxía cara unha pequena pensión de estudantes no norte de Francia. Aseguraron de que alí podería comezar una nova vida e alcanzar o que tanto desexara.

Iniciou a súa viaxe cara Nantes e cando chegou alí, buscou a pensión que encontrara por Internet con Luísa, meses antes da súa aventura.

Alí comezou a vivir con 7 persoas de tamaño pequeno, cada unha bastante diferente a outra; a dona da pensión era unha vella muller; mantiña a pensión en pé desde hai un montón de tempo atrás, acollía estudantes de tódolos lados; este ano eramos nós os oito.

Co paso do tempo, a relación dos ananiños e Branca, era cada vez máis rara e estraña; foron conducindo a Branca neves cara un escuro camiño; drogas, abusos sexuais...

Sete días da semana, sete ananiños na pensión, unha soa rapaza na pensión. Cada día Branca, pasaba a noite cun deles; o facía por un simple razón... o medo era o que sometía a Branca aquela tortura cada día. Un día droga, o seguinte violación, así pasaban os días naquela lúgubre pensión para Branca.

Marchará da súa casa, para no volver ter que sufrir ningún pesadelo, e pensándoo, o único que conseguira era iso outra vez máis.

Cando Branca Neves era pequena, a súa nai advertíralle dunha cousa, que si nalgún momento convertíase nunha muller máis fermosa ca ela, a súa nai aseguroulle que a mataría sen deixar ningún rastro; dende aquel momento o medo brotou e seguiu crescendo en Branca.

Por algunha razón, aquelas 7 persoas sabían aquel segredo; esa era a razón pola que Branca de Neve estaba sometida cada noite a unha nova tortura. Non podía fuxir; esta vez non encontraba a forma de escapar.

Cada día estaba máis ferida ; intentaba con todas as súas forzas sacar o grado en psicoloxía que tanto desexaba. Era difícil, cada hora que pasaba tiña aínda menos ganas de seguir adiante...

Un día chegou a pensión unha nova rapaza; era moi xeitosa e moi doce, Branca de Neve non lle quitaba a mirada. Pasaron as semanas e Xulieta, a nova rapaza, e Branca afianzaban cada vez máis a súa amizade. Ata que un día, deixáronse levar e converteron esa amizade en algo máis intenso.

Aquelo si que era un segredo de verdade, ninguén, baixo ningún concepto, podería enterarse daquilo. Xulieta proviña dunha familia árabe, a homosexualidade alí sería a pena de morte. No caso de Branca, era o mesmo; o destino final das dúas era a morte. Os días pasaron e Xulieta e Branca estaban máis unidas que nunca, ían facendo cada día fronte a aquela miserable e pésima situación que tiñan que vivir.

Branca de Neve nunca lle chegou a contar nada a Xulieta sobre o segredo que tiña coa súa nai e cos sete ananiños. Seguía indo polas noites a habitación asignada ese día; sufría día si e día tamén, a único refuxio que tiña era ela, a única que a facía sentir noutro universo cada vez que estaban xuntas facendo calquera cousa.

Un día pola mañá de camiño a universidade, Xulieta viu no pescozo de Branca unha ferida un pouco estraña, preguntoulle pola ferida pero Branca esquivou rapidamente a pregunta. Aquela noite Branca intentou tapar a ferida con maquillaxe pero foi misión imposible. Unha das noites seguintes, Branca debían seguir como cada día con aquela tortura; tocáballe durmir con Mocoso, iso ela xa sabía o que significaba, probar unha droga diferente...

Cando volveu a habitación, Xulieta estaba durmida, como de costume, nunha das camas do cuarto. Cando Branca entrou, como estaba baixo os efectos da coca, empezou a tropezar con todo, a gritar, botar cousas polo aire...; de súpeto, Xulieta despertou e quedouse abraiada ao ver a Branca tirada no chan cun corte na cabeza. Xulieta sentouna na cama e curoulle a ferida. Momentos despois, Xulieta preguntoulle outra vez a Branca que lle contara o que realmente estaba acontecendo. Aquel foi o momento, Branca non podía evitar a pregunta e contoullo.

Tres días despois Xulieta e Branca colleron as súas maletas e fuxiron; fuxiron moi lonxe...